

SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA
DE
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTAS

CONCELLO
DE VIGO



Expediente nº 9641/335

BASES E CONVOCATORIA DE CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023.

Primeira.- Obxecto

O Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do Entroido 2023 convocan o **concurso de disfraces**, que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido 2023 na Porta do Sol o **día 20 de Febreiro** e nas modalidades que se detallan a continuación:

- **Categorías individual infantil e grupo infantil conxuntado* (até os 13 anos):** entre as 17,30 e as 18,30 horas na Porta do Sol.
- **Categorías individual xeral e grupo xeral conxuntado** (a partir de 14 anos):** entre as 18,30 e as 19,30 horas na Porta do Sol.

* Na categoría "grupo infantil conxuntado" non poderán participar adultos ou nenos de máis de 14 anos. (Os adultos que acompañen aos nenos non poderán ir disfrazados).

* Na categoría grupo xeral conxuntado poderán participar nenos/nenas, sempre que o número de integrantes de mais de 14 anos sexa maior que o número de menores de 13 anos participantes.

O concurso desenvolverase nun espazo delimitado na Porta do Sol. Os participantes accederán a unha zona común e delimitada animada por un/ha DJ e un/ha animador/a. Cada concursante portará un dorsal cun número. Dentro do espazo delimitado, e entre os participantes estarán os membros do xurado que avaliarán os disfraces e outorgarán o seu veredicto ao rematar o tempo de duración do baile previsto en 30 minutos.

O emprazamento pode sufrir modificacións por cuestións de seguridade ou meteorolóxicas, neste caso se anunciará a nova ubicación na paxina web municipal e nas redes sociais da Concellería de Festas.

Segunda.- Inscripcións

As inscricións para participar neste concurso realizaranse o mesmo día, entre ás 16:30 horas e as 17,30 para a modalidade infantil e grupo infantil conxuntado nunha carpa habilitada na Porta do Sol e entre as 17:30 horas e as 18,30 horas para a modalidade individual xeral e grupo xeral conxuntado nunha carpa habilitada na Porta do Sol.

O emprazamento pode sufrir modificacións por cuestións de seguridade ou meteorolóxicas, neste caso se an

As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa da Casa do Concello e na web municipal (www.hoxe.vigo.org).

Terceira.- Premios

Os premios establecidos para este concurso serán os seguintes:

PRIMEIROS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 100,00 € para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 100,00 € para categoría individual xeral (máis de 14 anos).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/02/2023 13:09

Páxina 1 de 5

9641-335

CSV: A3AFBA-89E127-D6B13A-MNEFNF-3CDR27-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Bono regalo por importe de 200,00 € para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 200,00 € para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos)

SEGUNDOS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 75,00 € para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 75,00 € para categoría individual xeral (máis de 14 anos).
- Bono regalo por importe de 100,00 € para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 100,00 € para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos)

TERCEIROS PREMIOS:

- Bono regalo por importe de 50,00 € para a categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 50,00 € para categoría individual xeral (máis de 14 anos).
- Bono regalo por importe de 75,00 € para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 75,00 € para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 14 anos)

ACCESIT: 4 accésit (un para cada categoría) por importe de 30,00 € cada un (no caso dos accésit infantís será por bono regalo polo correspondente valor).

Os premios serán indivisibles e algúns deles poderán quedar desertos, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola Comisión Organizadora do Entroido 2023, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", nun prazo máximo de 60 días, unha vez recibida a acta do xurado, e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Os bonos regalo teñen unha caducidade de 90 días.

Cuarta.- Composición do xurado e criterios de valoración

Os criterios de avaliación do concurso estarán determinados polo xurado disposto no mesmo lugar do concurso, que estará composto por:

PRESIDENCIA: Concelleiro de Participación Cidadá e Festas ou persoa en quen delegue.

VOGALÍAS: dous membros da comisión organizadora do Entroido 2023.

SECRETARÍA: persoal técnico ou administrativo adscrito ao servizo de Festas con voz e sen voto ou persoa en quen delegue.

Quinta.- Resolución do concurso

A decisión do xurado farase pública ao remate do concurso na Porta do sol.

Sexta .- Observacións

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Sétima.- Protección de datos

Respecto ao tratamento de datos de menores de idade, seguindo as directrices marcadas na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais. "O tratamento dos datos dos menores de 14 anos só serán lícito se consta o consentimento do titular da patria potestado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 13:09	Páxina 2 de 5
9641-335	CSV: A3AFBA-89E127-D6B13A-MNEFNF-3CDR27-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ou tutela”.

- Finalidade dos datos tratados: Só serán solicitados aqueles datos estritamente necesarios coa finalidade de atención, xestión e actuacións necesarias para celebrar o concurso de disfraces.
- Procedencia dos datos persoais: Os datos persoais a tratar polo Servizo de Festas os proporcionan directamente os candidatos interesados ou seus representantes legais.
- Conservación dos datos persoais: Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres os concursantes non soliciten a supresión e durante o tempo necesario para poder cumprir as finalidades para os cales foron obtidos, en exercicio das competencias e funcións do Servizo de Festas do Concello de Vigo.
- Dereitos: Os candidatos teñen o dereito a solicitar do responsable do tratamento de datos a rectificación ou supresión de seus datos persoais, a limitación do tratamento dos seus datos persoais ou opoñerse a ese tratamento.

Os pais e nais ou titores dos nenos/as candidatos a participar no concurso de disfraces coa solicitude de inscrición prestan o seu consentemento expreso e autorizan ao Servizo de Festas ao tratamento do seus datos persoais coa finalidade prevista nas bases da convocatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

Oitava.- Aceptación

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión derivada da aplicación dos criterios de avaliación do xurado é inapelable.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A xefa do Servizo de Festas, M^a. Cristina Chao Polo

Conforme, O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas, Pablo L. Estévez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 13:09	Páxina 3 de 5
9641-335	CSV: A3AFBA-89E127-D6B13A-MNEFNF-3CDR27-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2023.
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS
NIF ENDEREZO N°
CP.....LOCALIDADE.....TELÉFONO.....
CORREO ELECTRÓNICO.....

MODALIDADE NA QUE PARTICIPA:

- Categoría individual infantil (até os 13 anos):**
- Grupo infantil conxuntado* (até os 13 anos):**
- Categoría individual xeral (máis de 14 anos):**
- Categoría grupo xeral conxuntado** (máis de 14 anos):**

MOI IMPORTANTE:

* Na categoría "grupo infantil conxuntado" non poderán participar adultos ou nenos de máis de 14 anos. (Os adultos que acompañen aos nenos non poderán ir disfrazados).

** Na categoría grupo xeral conxuntado poderán participar nenos/nenas, sempre que o número de integrantes de mais de 14 anos sexa maior que o número de menores de 13 anos participantes.

NÚMERO DE ORDE DE PARTICIPACIÓN:

Vigo, de de 2023
SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 13:09	Páxina 4 de 5
9641-335	CSV: A3AFBA-89E127-D6B13A-MNEFNF-3CDR27-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DUN MENOR NO CONCURSO DE DISFRACES
INFANTIL DO ENTROIDO 2023.**

D./Dna. DNI
 (nome do pai/nai/titor/a)
 Enderezo Localidade
 Teléfono de contacto

Correo electrónico

AUTORIZO A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL DO ENTROIDO 2023 ao seguinte menor da/o que son responsable:

Nome Apelidos
 Data de nacemento

E, en consonancia coa Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, CONSINTO expresamente a publicación das imaxes nas cales apareza a/o menor da/do que son responsábel, individualmente ou en grupo, que se poidan realizar en vía pública, nas diferentes secuencias durante o concurso infantil de disfraces do ENTROIDO 2023.

Sinatura do pai/nai/titor(a)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE TRATAMENTO DOS DATOS.

Responsable: Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Finalidade: Participación no concurso Ide disfraces infantil do Entroido 2023.

Lexitimación: Consentimento expreso.

Destinatarios dos datos: Concello de Vigo. Non se prevén cesións ou transferencias de datos.

Exercicio de dereitos sobre protección de datos: Os interesaods poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión dos seus datos e demais que lle recoñeza a normativa reguladora a través da Sede electrónica do Concello de Vigo (www.vigo.org) e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contacto do delegado de protección: dpd.vigo@vigo.org

Procedencia dos datos: Pais/nais/titores dos menores.

Información adicional: O tratamento e protección destes datos realízase de conformidade co previsto no Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, de xeito que os datos persoais sexan tratados garantindo os principios relativos ao seu tratamento así como os dereitos dos interesados ao respecto, e demais normativa vixente na materia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/02/2023 13:09	Páxina 5 de 5
9641-335	CSV: A3AFBA-89E127-D6B13A-MNEFNF-3CDR27-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		